

Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

VOL. 13.2 / 2019

A Fala do Val de Xálima



UNIVERSIDAD  DE EXTREMADURA
U
EX

2019

Limite. Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

Revista científica de carácter anual sobre estudios portugueses y lusófonos, promovida por el Área de Filologías Gallega y Portuguesa (UEX) en colaboración con la SEEPLU.
<http://www.revistalimite.es>

CONSEJO DE REDACCIÓN

Director – Juan M. Carrasco González: direccion@revistalimite.es

Secretaría – Maria Luísa Leal / M^a Jesús Fernández García: secretaria@revistalimite.es

VOCALES

Carmen M^a Comino Fernández de Cañete (Universidad de Extremadura)

Christine Zurbach (Universidade de Évora)

Julie M. Dahl (University of Wisconsin-Madison)

Luisa Trias Folch (Universidad de Granada)

M^a da Conceição Vaz Serra Pontes Cabrita (Universidad de Extremadura)

Iolanda Ogando (Universidad de Extremadura)

Salah J. Khan (Universidad de Extremadura)

Teresa Araújo (Universidade de Lisboa)

Teresa Nascimento (Universidade da Madeira)

COMITÉ CIENTÍFICO

Ana Luísa Vilela (Universidade de Évora)

Ana Maria Martinho (Universidade Nova de Lisboa)

António Apolinário Lourenço (Universidade de Coimbra)

Antonio Sáez Delgado (Universidade de Évora)

Cristina Almeida Ribeiro (Universidade de Lisboa)

Dieter Messner (Universität Salzburg)

Gerardo Augusto Lorenzino (Temple University, Philadelphia)

Gilberto Mendonça Teles (Pontifícia Universidade Católica do Rio de Janeiro)

Hélio Alves (Universidade de Lisboa)

Isabel Leiria (Universidade de Lisboa)

Isabelle Moreels (Universidad de Extremadura)

Ivo Castro (Universidade de Lisboa)

José Augusto Cardoso Bernardes (Universidade de Coimbra)

José Camões (Universidade de Lisboa)

José Cândido Oliveira Martins (Universidade Católica Portuguesa – Braga)

José Muñoz Rivas (Universidad de Extremadura)

Maria Carlota Amaral Paixão Rosa (Universidade Federal do Rio de Janeiro)

M^a Filomena Candeias Gonçalves (Universidade de Évora)

M^a da Graça Sardinha (Universidade da Beira Interior)

M^a Graciete Besse (Université de Paris IV-La Sorbonne)

Maria Helena Araújo Carreira (Université de Paris 8)

Nuno Júdice (Universidade Nova de Lisboa)

Olga García García (Universidad de Extremadura)

Olívia Figueiredo (Universidade do Porto)

Otilia Costa e Sousa (Instituto Politécnico de Lisboa)

Paulo Osório (Universidade da Beira Interior)

Xosé Manuel Dasilva (Universidade de Vigo)

EDICIÓN, SUSCRIPCIÓN E INTERCAMBIO

Servicio de Publicaciones. Universidad de Extremadura

Plz. Caldereros, 2. C.P. 10071 – Cáceres. Tfno. 927 257 041 / Fax: 927 257 046

<http://www.unex.es/publicaciones> – e-mail: publicac@unex.es

© Universidad de Extremadura y los autores. Todos los derechos reservados.

© Ilustración de la portada: Miguel Alba. Todos los derechos reservados.

Depósito legal: CC-973-09 . I.S.S.N.: 1888-4067

Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

VOL.13.2 – Año 2019

A Fala do Val de Xálima

Coordinación
Tamara Flores Pérez



Bases de datos y sistemas de categorización donde está incluida la revista:

ISOC y DICE (Consejo Superior de Investigaciones Científicas), Dialnet, Latindex, CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas).



Juan M. Carrasco González, director de la revista, tiene el placer de anunciar que *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* ha sido aceptada para su indexación en el Emerging Sources Citation Index, la nueva edición de Web of Science. Los contenidos de este índice están siendo evaluados por Thomson Reuters para su inclusión en Science Citation Index Expanded™, Social Sciences Citation Index®, y Arts & Humanities Citation Index®. Web of Science se diferencia de otras bases de datos por la calidad y solidez del contenido que proporciona a los investigadores, autores, editores e instituciones. La inclusión de *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* en el Emerging Sources Citation Index pone de manifiesto la dedicación que estamos llevando a cabo para proporcionar a nuestra comunidad científica con los contenidos disponibles más importantes e influyentes.

Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

Vol. 13.2. – 2019

A Fala do Val de Xálima

SUMARIO / SUMÁRIO

Tamara Flores Pérez - A fala do Val do Xálima	9-12
Juan M. Carrasco González – Tipologías lingüísticas, políticas de la administración y preservación de la fala	13-36
Xosé-Henrique Costas – O estado da investigación sobre as falas do Val do río Ellas	37-76
José Antonio González Salgado – El proyecto de investigación FRONTESPO y la <i>fala de Xálima</i>	77-100
Ana Alicia Manso Flores / Tamara Flores Pérez – Passau, presenti i futuro da Fala	101-122
Josu Zabaleta – La estandarización del euskera: breve historia y resultados	123-142

Testimonios / Testemunhos

Fortunato Castro Piñas – Os Cursos sobri a Fala na Escuela Oficial de Idiomas de Cáceris (2015-2018)	145-161
---	---------

Varia

Rodrigo do Prado Bittencourt – Sete elementos do mercado literário luso-brasileiro no século XIX	165-185
Celina Martins – <i>Uma Viagem à Índia</i> , de Gonçalo M. Tavares: releitura pós-moderna, paródia e itinerário do tédio	187-199
Antonio Santos Morillo - El infinitivo flexionado en las obras castellanas de Gil Vicente	201-237

Reseñas / Recensões

Juan M. Carrasco González – Paulo Osório (ed.), <i>Linguística Histórica e História do Português. Das Origens ao Século XVI</i> , Salamanca, Luso-Española de Ediciones, 2018, 183 pp.	241-242
João Ribeirete – Guilherme de Almeida, <i>O Meu Portugal. Crónicas de um desterro</i> . Edição com estudo, introdutório, notas e linhas de leitura de Maria Isabel Morán Cabanas e Ulisses, Infante, Annablume / Casa Guilherme de Almeida, São Paulo, 2016.	243-248

- Ana Alicia Manso Flores** – Miguel Ángel Teijeiro Fuentes, José Roso Díaz (Eds.), *España en la encrucijada del teatro del siglo XVI. Estudios dedicados al profesor Miguel Ángel Pérez Priego*, Sevilla, Editorial Renacimiento/Servicio de publicaciones de la Universidad de Extremadura, Col. Iluminaciones, 2019, 404 pp. 248-252
- António Sá** – António Lobo Antunes, *A outra margem do mar*, Lisboa, Dom Quixote, 2019, 368 pp. 252-271
- Normas de publicación / Normas de publicação** 273-277

Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

Vol. 13.2 – 2019

The *Fala* of Val de Xálima

SUMMARY

Tamara Flores Pérez – The fala of Val do Xálima	9-12
Juan M. Carrasco González – Linguistic typology, administrative policies and preservation of fala	13-36
Xosé-Henrique Costas – The situation of research about Val do río Ellas dialects	37-76
José Antonio González Salgado – FRONTESPO research project and the <i>fala de Xálima</i>	77-100
Ana Alicia Manso Flores / Tamara Flores Pérez – The Past, Presente and Future of <i>A Fala</i>	101-122
Josu Zabaleta – The standardization of the Basque language: A brief history and results	123-142

Reflections

Fortunato Castro Piñas – The courses on the Fala language at <i>Escuela Oficial de Idiomas</i> in Cáceres (2015-2018)	145-161
--	---------

Varia

Rodrigo do Prado Bittencourt – Sete elementos do mercado literário luso-brasileiro no século XIX	165-185
Celina Martins – <i>Voyage to Índia</i> , by Gonçalo M. Tavares: postmodern re-reading, parody and the itinerary of boredom	187-199
Antonio Santos Morillo – The flexional infinitive in the Castilian works of Gil Vicente	201-237

Book Reviews

Juan M. Carrasco González – Paulo Osório (ed.), <i>Linguística Histórica e História do Português. Das Origens ao Século XVI</i> , Salamanca, Luso-Española de Ediciones, 2018, 183 pp.	241-242
---	---------

- João Ribeiro** – Guilherme de Almeida, *O Meu Portugal. Crónicas de um desterro*. Edição com estudo, introdutório, notas e linhas de leitura de Maria Isabel Morán Cabanas e Ulisses, Infante, Annablume / Casa Guilherme de Almeida, São Paulo, 2016. 243-248
- Ana Alicia Manso Flores** – Miguel Ángel Teijeiro Fuentes, José Roso Díaz (Eds.), *España en la encrucijada del teatro del siglo XVI. Estudios dedicados al profesor Miguel Ángel Pérez Priego*, Sevilla, Editorial Renacimiento/Servicio de publicaciones de la Universidad de Extremadura, Col. Iluminaciones, 2019, 404 pp. 248-252
- António Sá** – António Lobo Antunes, *A outra margem do mar*, Lisboa, Dom Quixote, 2019, 368 pp. 252-271
- Standards of publication** 273-277

O estado da Investigación sobre as Falas do Val do Río Ellas

The situation of research about Val do río Ellas dialects

Xosé-Henrique Costas

Universidade de Vigo

xcostas@uvigo.es

Fecha de recepción: 24-01-2019

Fecha de aceptación: 16-05-2019

Resumo:

Neste artigo facemos unha breve historia dos tres períodos de investigación sobre as falas do val do Ellas (1910-1945, 1945-1992 e 1992-2019), indicamos cales foron as contribucións dos principais autores e detémonos especialmente na última etapa, a máis recente, onde clasificamos os autores segundo a súa importancia, procedencia e formación. Por último, repasamos os traballos que están en marcha: teses, Topoval, AGO, Frontespo, Xalicionariu etc., e avogamos por unha urxente planificación conxunta do estatus e do corpus das tres falas do val do río Ellas ou de Xálíma. Incorporamos unha extensa bibliografía, webs de interese, filmografía e relación de vídeos na rede e en televisión sobre estas variedades lingüísticas.

Palabras chave: investigación dialectal – val do Ellas – Xálíma – dialectoloxía galego-portuguesa

Abstract:

In this article we describe a brief history about the three periods of research on the of dialects of de Ellas valley (1910-1945, 1945-1992 and 1992-2019), we have indicated which were the contributions of the main authors and we stand especially in the most recent stage, where we classify the authors according to their importance, origin and formation. Finally, we review the works that are underway: theses,

Topoval, AGO, Frontespo, Xalicionariu etc., and we advocate an urgent joint planning of the status and corpus of the three dialects of the valley of Ellas river or Xálíma. We incorporate an extensive bibliography, interesting websites, filmography and video links on the network and on television about these linguistic varieties.

Keywords: Dialectal research - Ellas valley – Xálíma – Galician-Portuguese dialectology

As variedades lingüísticas do galaico-portugués faladas no val do río Ellas, val de Xálíma ou simplemente nos “Tres Lugaris”, valverdeiro¹, lagarteiro e mañego, son as falas minorizadas porcentualmente máis empregadas do noso continente. En toda Europa non hai exemplo semellante de alto aprecio e elevado uso dunha lingua non oficial por parte dos seus falantes.

Ao interese puramente dialectal iberorrománico que espertaron estas variedades na comunidade científica nas décadas de 1910 e 1930, continuado intermitentemente, veuse engadir a partir do ano 1992 un crecente interese pola súa filiación lingüística, o seu léxico e, sobre todo, a súa sorprendente e paradoxal situación sociolingüística. Desde este ano, en que Gargallo presentou o seu “histórico” relatorio sobre estas falas nun congreso en Cambridge, o seu atractivo fíxose patente na cantidade, calidade e diversidade de estudos sobre todos los aspectos lingüísticos, filolóxicos e sociolingüísticos destas variedades.

¹Rexeitamos o glotónimo “valverdeño” é forma castelanizada recente, como o demostra o sufixo, sobre todo cando existe a forma popular autóctona “valverdeiro”. Rexeitamos tamén o glotónimo “chapurrau” ou “cachipurrau” co que moitos valverdeiros denominan a súa fala. Chapurrear é “falar mal un idioma estranxeiro” e nin os valverdeiros falan mal o valverdeiro, nin a fala valverdeira é estranxeira para un valverdeiro. Un francés podería chapurrear o valverdeiro se o quixese falar e non o falase ben. Por moito que algúns falantes se identifiquen con eles, os substantivos “chapurrau” e “cachipurrau” poden ser ofensivos, despectivos, inferiorizantes e, en ningún caso, aluden a unha realidade lingüística, polo que lamentamos e condenamos o seu uso “oficial” por parte dalgunhas autoridades valverdeiras para se referiren á fala de Valverdi du Fresnu co pretexto de que estas denominacións son populares.

Xa que logo, imos facer un repaso da historia e actualidade dos estudos sobre esta realidade lingüística tan sobranceira. Dividimos a evolución da investigación sobre elas en tres períodos: 1910-1945 (a prehistoria), 1945-1992 (investigación filolóxica e dialectal) e desde 1992 á actualidade, que é o período en que estoupa con forza a investigación de todo tipo sobre estas falas e a sociedade que as conserva e as emprega e no que intervén como forza motriz a filoloxía e a lingüística galegas, posto que aproximadamente o 60% das publicacións sobre estas variedades se fixeron en galego, en Galicia e por investigadores galegos.

1. Traballos pioneiros da investigación sobre as falas de Xálíma² ou do Ellas (1910-1945)

Neste primeiro apartado, deixádomos a un lado as referencias a estas falas contidas no dicionarios xeográficos decimonónicos de Sebastián de Miñano (1829) ou de Pascual Madoz (1850), que son simples apuntes curiosos sobre unhas variedades que cualifican de diversas maneiras pero sempre co denominador común de “mestura fronteiriza de portugués e castelán”, tres son os fitos investigadores sobre esta realidade lingüística, aínda que en realidade só o filólogo portugués José Leite de Vasconcelos achegou o que poderíamos cualificar como un estudo rigoroso para a época.

1.1. As achegas da Escola de Filoloxía Española: Pidal e de Onís.

En 1910 Federico de Onís viaxou a este val e animou o seu mestre Menéndez Pidal a coñecelo “por lo que hablan sus habitantes”. Informou Onís a Pidal de que as falas deste val en absoluto podían ser leonesas “pues no hay sombra de ditongación en ninguna de las formas [del habla sanmartiñega]”. Pidal viaxou a San Martiño de

²*Xálíma* é a forma autóctona valega, do val, *Xalma* é o exónimo portugués e *Jálama* o exónimo castelán. O val no que se asentan os tres concellos falantes está vertebrado polo río Ellas, por iso nós preferimos a denominación *Val do Ellas* e non a usada por filólogos portugueses e españois, *Val de Xálíma*, posto que Xálíma é un monte, non un río que forme un val.

Trebello en setembro de 1910³ e así fai xa referencias ás variedades desta zona na súa obra *Orígenes del español* (1926: LI).

En 1930, Federico de Onís publicou en Nova York un pequeno estudo sobre o mañego: “Notas sobre el dialecto de San Martín de Trevejo” nunha colectánea de artigos reunidos en libro. Neste estudo, rigoroso para a época, contén algunhas achegas moi interesantes e novedosas, como a constatación do proceso de enxordecemento das sibilantes sonoras en mañego e lagarteiro ao rexistrar formas con dobre pronuncia, xorda/sonora, e formas xa só realizadas con sibilante xorda cando o esperable etimoloxicamente sería unha pronuncia sonora.

1.2. As pesquisas da Escola de Hamburgo: Fink, Krüger e Bierhenke.

A escola romanística alemá de principios do primeiro terzo do século XX traballou sobre moitas partes dos dominios lingüísticos iberorrománicos occidentais (Seabra, A Limia, Sayago...) e tamén, por suposto, sobre toda a Serra de Gata. Ao abordaren o estudo dos dialectos da Serra de Gata, chamoulles moito a atención a existencia no occidente desta serra dunhas falas con moita vitalidade que eles consideraron “portugués fronteirizo”; estes investigadores foron Fritz Krüger, quen publicou en 1925 o libro *Studien zur lautgeschichte Mundarten*; Óskar Fink, quen publicou en 1929 no volume I de *Volkstum und kultur der romanen* o artigo “Contribución al vocabulario de Sierra de Gata” e mais o volume *Studien über die Mundarten der Sierra de Gata*; e Wilhelm Bierhenke, que en 1929 deu a luz o artigo “Das Dreschen in der Sierra de Gata”, no volume II de *Volkstum und kultur der romanen* [vid. www.frontespo.org]. Son as primeiras aproximacións científicas a estas falas, pero sempre dentro dun estudo comarcal serragateña máis amplo, nunca destas variedades con especial atención ou en exclusiva.

³Vid. Pérez Mateos, J.A. (2015): “Cuando Pidal vino a San Martín a escuchar el mañego”, en sierradegatadigital.es, 3/3/2015 [https://sierradegatadigital.opennemas.com/opinion/juan-antonio-perez-mateos/cuando-pidal-vino-san-martin-escuchar-manego/20150302115602016527.html, última consulta 19/11/2018].

1.3. Os contributos da Filoloxía Portuguesa: Leite de Vasconcelos.

O filólogo lusitano José Leite de Vasconcelos deixounos numerosos e valiosísimos estudos dialectais de diversas áreas e puntos de Portugal e da fronteira portuguesa, á parte de divulgálas na década de 1930 en artigos de prensa nas páxinas do xornal *O Correio*, de Celorico da Beira.

A Leite de Vasconcelos debémoslle as primeiras descrições lingüísticas completas do valego⁴, particularmente da variedade mañega -por exemplo “Linguagem de San Martin de Trevejo”, de 1927, ou “Português dialectal da região de Xalma”, de 1933-⁵, xunto coas primeiras recollas de contos populares mañegos escritos á maneira portuguesa. Leite describiu moi esquematicamente algunhas características diferenciais de lagarteiro e valverdeiro, sobre todo desde unha óptica comparativa co mañego, que foi a variedade realmente estudada a fondo por este filólogo.

2. A investigación dialectal sobre estas falas entre 1945 e 1992

2.1. Os contributos da Filoloxía e a Dialectoloxía portuguesas

No ronsel dos estudos sobre estas variedades iniciadas en Portugal por Leite de Vasconcelos, Luis Filipe Lindley Cintra publicou magníficos traballos filolóxicos sobre os textos medievais desta zona e, comparativamente entre elas, sobre as variedades lingüísticas actuais de Sabugal, Riba-Côa e Xalma (*A linguagem dos foros de Castelo-Rodrigo...* ou “A linguagem dos foros e o galego-português de Xalma”). Clarinda de Azevedo Maia, discípula do pai da dialectoloxía portuguesa, M. Paiva Boleo, aprofundou máis aínda sobre as variedades de Xalma (*Os falares fronteiriços do concelho de Sabugal e*

⁴Valego é o neoglotónimo que preferimos a *xalimego* para nos referir ao conxunto das tres falas do val do Ellas, porque *Fala* é un glotónimo popular enganoso, in concreto e, quizais, inferiorizante. *Fala* tamén é o galego de Asturias, *Fala* tamén é o leonés xabrés de Santa Cruz de Abranes... *valego*, porque é o falado no val, sexa do Ellas ou de Xálma.

⁵Vid. Bibliografía ao final.

da vizinha região de Xalma e Alamedilha, ou “Os falares de Xalma: perspectiva lingüística portuguesa”)⁶ e abordou detalladas e minuciosas análises comparativas entre os falares de fronteira, tanto da raia portuguesa coma da raia española, e entre estes nomeadamente os falares de Xalma. Aínda na actualidade, a monografía de Maia é fundamental para o estudo destes falares de fronteira.

2.2. Os primeiros estudos desde España e desde Extremadura

Entre 1931 e 1936 Aurelio Espinosa levou a cabo en Valverdi du Fresnu e As Ellas⁷ as enquisas correspondentes ao *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* (ALPI) que dirixía Navarro Tomás (www.alpi.csic.es). Valverdi figura como punto 360 do ALPI e As Ellas como punto 362. Desta magna obra da cartografía lingüística iberorrománica só se chegou a publicar o volume I en 1962, mais o equipo de dialectólogos que dirixe actualmente Pilar Mutón vai ir tirando on-line no web devandito os restantes materiais inéditos da obra.

Durante algúns decenios, na parte española non se investigou sobre esta realidade lingüística⁸, ata que en 1982 o dialectólogo da Universidad de Extremadura (UEX) Antonio Viudas Camarasa publicou en *Lletres Asturianas* un breve pero completo estudo da fonética e a fonoloxía destas falas, e máis concretamente da variedade mañega.

3. A eclosión nas investigacións: desde 1990 ata a actualidade

A orixe da eclosión na investigación nestas variedades débemola situar nun traballo pioneiro do catedrático da Universitat de Barcelona José Enrique Gargallo Gil (1992) presentado nun encontro

⁶Víd. Bibliografía ao final.

⁷Descoñecemos os nomes, idades, sexos, grao de escolarización e profesións das persoas que fixeron de informantes para Aurelio Espinosa. Este dato non nos é irrelevante, pois en 1992 puidemos entrevistar unha persoa maior de San Martín de Trebello que fora informante de Leite de Vasconcelos en 1930 e, grazas a ela verificámos, por un lado, se a persoa falante era nativa de pais nativos e sen ningún problema fónicos; e, por outra banda, se os datos que recollera Leite eran precisos ou non, que nalgúns casos non o foron.

⁸Non se pode chamar investigación porque non se achegou nada novo, posiblemente debido a que Alonso Zamora Vicente, no seu *Manual de dialectología española* (1960), indicara que neste val se empregaban unhas falas fronteirizas portuguesas, co que cadraba xa lonxe dos obxectivos da dialectoloxía española.

de romanistas británicos na Universidade de Cambridge. Este relatorio, un estudo lingüístico de textos escolares redactados nas variedades locais, axiña suscitou o interese e a paixón de non poucos filólogos galegos. Desde ese momento, empezou a ferver a investigación a partir do coñecemento que se tivo en Galicia da existencia destas falas polo relatorio de Gargallo, pois sempre se estudaran como portuguesas (Zamora Vicente 1960) e por iso non espertaran en Galicia demasiada atención. Así, comezaron a se elaborar moitos traballos en Galicia da man da asociación Alén do Val e do departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo, mentres que, paralelamente, en Extremadura eran os profesores Juan Carrasco González e Antonio Salvador Plans os que animaban a investigación e o intercambio de coñecementos sobre elas.

Pero foi máis importante aínda o feito de que toda unha constelación de estudosos locais (os lagarteiros Severino López e José Martín Durán, o mañego Domingo Frades e o valverdeiro Florentino Parra) ou extremeños (o cacereño José Luís Martín Galindo) tamén estaban a publicar artigos de xornal ou libros de autoedición dando a coñecer diversos aspectos destas falas: léxico, sociolingüística, etimoloxías, microtoponimia, historia etc., ou da cultura desta terra: chafurdóns, historia local, alcumes populares etc.

Xa que logo, foron moitos os axentes involucrados no estudo e difusión destas variedades, de dentro e de fóra do val, de dentro e de fóra de Extremadura. Así mesmo, entrado o século XXI, e xa con certa difusión da orixinalidade e vitalidade destas falas en ambientes universitarios, non foron poucos os alumnos universitarios que traballaron sobre aspectos concretos destas variedades desde as universidades de Alcalá de Henares, Zürich, Deusto, Salamanca, A Coruña, Vigo, Santiago de Compostela etc., do mesmo xeito que xurdiu o interese de profesorado universitario de Kiel, Salamanca, Berlín, Liberek etc. Sorprendía agradablemente e emocionaba a todos o altísimo grao de vitalidade das variedades como consecuencia do orgullo dos seus falantes e da tenacidade na súa conservación, do mesmo xeito que sorprendía e apenaba o desleixo amosado polas autoridades políticas, educativas e culturais.

3.1. Traballos dialectais realizados por afeccionados nativos

Queren destacados neste apartado o estudoso mañego e académico correspondente da RAG Domingo Frades, cos folletos “Algu sobre a nosa fala” 1 e 2 (1975) e logo o libro *Vamus a fala!* (2004); o mestre lagarteiro Severino López Fernández, con libros sobre toponimia e paremias lagarteiras (1994 e 1999) á parte de léxico lagarteiro publicado na revista *Anduriña* (1988-89); ou diversos glosarios terminolóxicos recollidos de persoas do pobo como David Carrasco (2005) ou Antonio Berrío (Román 2006, Costas 2007), publicacións dixitais de vocabulario etc., que proporcionaron unha enorme cantidade (e calidade) de materiais lingüísticos que o dialectólogo tiña que estudar, relacionar e clasificar. Nativos do val radicados noutras latitudes tamén puxeron o seu grao de area para visibilizar e divulgar estas falas en congresos, conferencias ou revistas, como Ismael Cano Gordo (2004).

3.2. Estudosos de lingüista amadores

Aínda que se poidan considerar estudos lingüísticos falidos, pois conteñen importantes erros de formación e información, son tamén valorables e moi de agradecer os traballos de José Luís Martín Galindo (1993, 1996, 2006...), José Martín Durán (1999, 2003) e Bernardo Rivas Moreno (2018), pois, coma no caso anterior, achegan unha apreciable cantidade de materiais lingüísticos e datos sociolingüísticos de primeira calidade.

Debemos salientar tamén neste apartado dos amadores que se implicaron nestas falas, o papel de divulgador desta realidade lingüística que desempeñou o funcionario valverdeiro Antonio Corredera Plaza desde as redes sociais, en publicacións periódicas estremeñas, autoeditando poesía en valverdeiro ou pronunciando conferencias en centros de ensino e facendo declaracións en medios de comunicación.

3.3. Estudos feitos por lingüistas e dialectólogos peninsulares

Quen prendera a mecha na investigación científica sobre estas falas, o catedrático de Filoloxía Románica da UB José Enrique Gargallo

Gil, seguiu a traballar durante moitos anos desde unha óptica iberorromanista na consideración e autoconsideración destas variedades, sobre a súa posición senlleira de fronteira e marxe e sobre a súa posible estandarización (1992, 1994, 1994, 1996, 1999, 2000, 2001, 2007, 2009). Gargallo foi o verdadeiro animador da investigación sobre estas falas, ben convocando consensos arredor del, ben provocando discrepancias e réplicas ás súas opinións.

Foi tamén moi importante a contribución de Juan Carrasco González, catedrático de Portugués da Universidad de Extremadura (UEX), ao estudar estas variedades no conxunto das falares galaico-portugueses de Extremadura (1996, 1997, 2000, 2006, 2007, 2010). Carrasco, como gran coñecedor do portugués e do galego, reunía as condicións óptimas para a liña de estudos “galego-luso-estremeños” que emprendeu. Tamén desde Extremadura, Jesús Rey Yelmo (1999) contribuíu ao coñecemento destas falas cunha ampla recollida léxica e unha sucinta descrición lingüística do mañego.

Desde Galicia foi Costas o iniciador e animador dos estudos (1992, 1993, 1996, 1997, 1998, 1999, 2000, 2001, 2003, 2004, 2005, 2006, 2007, 2010, 2011, 2013, 2016, 2017, 2018...) a partir dos traballos de Gargallo (1992, 1994, 1995, 1996, 1999, 2000, 2001, 2007, 2009) e en paralelo e en diálogo cos traballos de Carrasco (1996, 1997, 2000, 2006, 2007, 2010). Desde a Universidade de Vigo e a súa órbita académica fóronse realizando investigacións (TFG, TFM, tesañas, traballos de doutoramento e artigos en revistas especializadas) en microtoponimia, léxico, lexislación lingüística, historia da lingua, gramática da lingua etc. Debemos sobrancear o dato de que a maioría destes lingüistas galegos da órbita da UVigo son investigadores relativamente novos, pois teñen agora arredor dos 40 anos. Tamén en Galicia, e por oposición a Costas, desde unha óptica reintegracionista ou lusófila debemos citar os traballos do profesor de portugués da Escola Oficial de Idiomas de Santiago e presidente da AGAL (Associação Galega da Língua) Eduardo Sanches Maragoto (2011, 2012) sobre as orixes e tipoloxía destas falas.

Outros autores galegos con máis bagaxe científica que traballaron sobre estas variedades foron o catedrático de románicas da

USC Francisco Fernández Rei (2000, 2004, 2006) e o profesor-titor de Lingua Galega da UNED de Madrid Xavier Frías Conde (1997) e os profesores da UVigo Alexandre Rodríguez Guerra (2004) e Fernando Ramallo Fernández (2011), sobre sintaxe e sociolingüística destas falas respectivamente, xunto co profesor da Universidad de Alcalá de Henares Xosé Afonso Álvarez (2014, 2015), que analiza material léxico actual propio das tres variedades do Ellas e do galego moderno e rastrea con detalle a súa presenza no portugués dialectal e no portugués estándar, o cal resulta de grande interese para o debate sobre a filiación lingüística das falas destes tres concellos do Ellas.

3.4. Investigación recente feita desde Extremadura

Á parte dos excelentes traballos xa clásicos de José Antonio González Salgado (2003, 2009) sobre dialectoloxía estremeña, con referencias ás variedades do Ellas e de Juan Carrasco González (1996, 1997, 2000, 2006, 2007, 2010), son de salientar os traballos do profesor da EOI de Cáceres Fortunato Castro (2016) sobre sintaxe pronominal, e mais os das novas filólogas nativas Ana Alicia Manso Flores (2016, 2017, 2018, 2019), valverdeira, sobre o léxico dispoñible das tres falas, e de Tamara Flores (2017, 2018) mañega, sobre sintaxe pronominal e transmisión léxica interxeneracional. Non debemos esquecer a filóloga lagarteira Claudia Sánchez Sánchez, que ten traballado e publicado (2015) sobre fonética e fonoloxía do lagarteiro desde a Illinois State University (EEUU).

3.5. Investigación feita en universidades doutras partes de España e no estranxeiro

Os hispanistas centroeuropeos Gerda Hässler (Universidade de Postdam, Alemaña), Bartosz Dondelewski (Universidade Jaguelónica de Cracovia, Polonia), Hans-Ingo Radatz (Universidade Otto-Friedrich, Bamberg-Alemaña), Jitka Hampacherová e Miroslav Vareš (Universidade de Liberec, Chequia) teñen publicado varios traballos e investigacións sobre estas falas. Son de salientar os traballos de Vareš no eido da estandardoloxía, pois el, bo falante de lagarteiro, é o impulsor da triple proposta ortográfica presentada pola asociación A Nosa Fala (2017b, 2017c e 2017d) Así mesmo, en distintas universidades españolas redactaron cadanseus TFG sobre algún tema

destas variedades Yaiza Pérez (Universidad de Alcalá de Henares), Díaz Armenteros (Universidad de Salamanca) e Helena Salceda (Universidad de Deusto), e en Zürich a filóloga galego-mañega Corina Ferro Cano (Zürich Universität). Quere mencionado tamén o estudo de Lucía Masa e Gorka Elordieta (2017) por ser o primeiro traballo sobre a entoación destas falas.

En total, nos últimos 30 anos, calculamos que dos autores e investigadores con publicacións o 55% foron galegos e o 34% son estremeños. E das publicacións, o 65% son de autores galegos e o 27% de autores estremeños.

4. A investigación en marcha

Vimos ata agora como hai xa unha masa crítica importante de persoas, especialistas ou non, que traballaron con dedicación nun campo de estudo que ata hai poucos decenios era practicamente virxe, pero como unha grande parte destas persoas son relativamente novas, tamén é sorprendente a cantidade de investigacións en marcha sobre estas falas e que pasamos a describir moi resumidamente:

4.1. Teses de doutoramento

Moi recentemente, a valverdeira Ana Alicia Manso Flores defendeu na Universidad de Extremadura (UEX) a súa tese de doutoramento sobre o léxico dispoñible das falas do Ellas. Foi a primeira tese en exclusiva sobre estas variedades. Nestes momentos están en fase de finalización a tese de doutoramento que están a realizar na Universidade de Salamanca a mañega Tamara Flores sobre sociolingüística léxica na USAL. Descoñecemos a existencia de máis teses e traballos de investigación de certa envergadura en marcha, pero non sería de estrañar, por exemplo, que a lingüista lagarteira Claudia Sánchez continuase cos seus estudos de fonética e fonoloxía das falas e nos agasallase nun futuro cunha tese sobre este tema.

4.2. Proxecto Toponimia do Val do Ellas (TOPOVAL)

É un proxecto de estudo e análise da microtoponimia do Val do Ellas desenvolvido polo grupo de investigación LIGA da Universidade de Vigo en colaboración coas filólogas nativas do val. Preténdese

recoller sobre o terreo e cun programa informático de xeo-referenciación a microtoponimia dos concellos de Valverde do Fresno e S. Martiño de Trebello para o seu posterior estudo etimolóxico e publicación cartográfica. Da recollida a pé de campo de Valverde ocúpase Alicia Manso, e da de S. Martiño Tamara Flores. Non se fai o mesmo coa microtoponimia das Ellas porque xa foi recollida e publicada por Severino López Fernández (*Topónimus das Ellas y rimas en lagarteiru*, 1994), polo que só queda -de acordo con este autor-xeo-referenciala e facerlle o estudo etimolóxico. Desta exhaustiva recollida e estudo posterior poderase obter valiosa información histórica e diacrónica con aplicación turística, forestal, agrícola, lexislativa e sociolingüística.

4.3.O proxecto Arquivo do Galego Oral (AGO)

O Arquivo do Galego Oral é un corpus que recolle textos orais de informantes representativos en varias franxas de idade das falas de todos os concellos de Galicia, dos asturianos, leoneses e zamoranos de fala galega e, tamén, dos concellos do Val do Ellas. Desenvólvese este proxecto desde 1992 anos na sección de Dialectoloxía do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela. O seu director é o catedrático de Filoloxía Románica e académico da RAG Francisco Fernández Rei.

As gravacións do AGO preséntanse na rede en dobre transcrición, semifonolóxica e estandarizada, e no seu fondo figuran centos de horas de gravacións de todos os puntos da xeografía lingüística galega, como se pode ver na web <http://ilg.usc.gal/ago>. Do Val do Ellas posúe xa unhas 30 horas de gravacións nas tres variedades, das cales se extraeron para transcribir unha ducia de fragmentos exemplares que algún día tamén estarán na rede a disposición de calquera que desexe realizar traballos lingüísticos, antropolóxicos ou históricos. Todas as gravacións que realizan alumnos ou colaboradores da Universidade de Vigo ou do AGO (ou mesmo audios de documentais) acaban sendo copiadas para a base de datos do AGO por se interesase transcribir algún fragmento de especial interese temático ou lingüístico. Hoxe en día no AGO está o maior e máis variado arquivo oral das falas do Ellas.

4.4.O proxecto **Fronteras Lingüísticas entre España e Portugal (FRONTESPO)**

Dirixido polo profesor galego Xosé Afonso Álvarez, da Universidad de Alcalá de Henares (www.frontespo.org), este proxecto tece unha malla de puntos de estudo todo ao longo da fronteira entre España e Portugal. Na zona que nos ocupa e preocupa inclúe un punto de enquisa e gravación no concello das Ellas, pero para non nos repetir neste eido preferimos que explique o proxecto FRONTESPO neste mesmo espazo un dos seus principais integrantes, o doutor e dialectólogo extremeño José Antonio González Salgado.

4.5.O proxecto **Xalicionariu**

O Xalicionariu é un dicionario on-line das falas do Ellas con sinónimos e traducións a galego, portugués, castelán, inglés e asturleonés. Elaborado desde a Universidade de Vigo, tamén permite a busca léxica por raíces e terminacións. Ao ser un dicionario electrónico, é doadamente actualizable, modificable, corrixible e ampliable ao instante. A idea os seus creadores é migralo á páxina web do futuro IEITREL (Instituto de Estudios e Investigación dos Tres Lugaris) no momento en que este empece a funcionar, para que sexa alimentado e desenvolvido por persoas da Sección de Lingüística deste centro de investigación aínda non nato. Preténdese que sexa proveitoso para as escolas, as administracións, os medios etc.⁹

Este proxecto leva cocendo a lume lento desde hai case dez anos agardando por unha normativa de consenso, non a elaborada por un colectivo, unha persoa ou unha asociación, senón a elaborada por unha comisión oficial e legal composta por filólogos e falantes nativos con presenza e apoio institucional, pero como esta non dá chegado, acabarase lanzando cunha ortografía filogalega para que sexa útil

⁹En colaboración co Servizo de Lingüística Informática (SLI) da Universidade de Vigo, unha vez se complete unha primeira versión do *Xalicionariu*, e con base no tradutor on-line *Opentrad*, creado polo SLI, será relativamente doado facer un tradutor automático valego-castelán e castelán-valego. Pero antes, o primeiro e básico, é teren estas falas unhas mínimas orientacións gráficas comúns para poder implementar tanto o *Xalicionariu* como o tradutor automático.

inmediatamente, e xa será normativamente modificado no futuro cando exista unha norma unificada para as falas do Ellas.

Xalicionariu

Dicionariu

Presentación

Créditos

Buscal en:

Valegu

boia

comeza coincide contén remata

Vai -->

- + **boiga** (*s. f.*) Lugar da casa normalmente na planta baixa onde se fai e se garda o viño.
- + **boiga das ovellas** (*s. f.*) Lugar pequeno no baixo das casas onde se gardan normalmente ovellas e cabras.
- + **boiga das vacas** (*s. f.*) Lugar cuberto afastado da casa onde se garda o gando.
- + **boiga de adentro** (*s. f.*) Lugar da casa normalmente na planta baixa onde se fai e se garda o viño.
- + **boiga de afora** (*s. f.*) Lugar cuberto para gardar os animais.

Xalicionariu

Dicionariu

Presentación

Créditos

Buscal en:

Valegu

ieiru

comeza coincide contén remata

Vai -->

- + **abeceiru** (*s. m.*) Persoa que antigamente levaba a azeituna ás prensas.
- + **abruñeiru** (*s. m.*) (*Prunus spinosa*) Arbustu da familia das rosáceas que dá un fruto de color negra azulá.
- + **aceiru** (*s. m.*) Mestura de ferro e carbono.
- + **adeiru** (*s. m.*) V. [aceiru](#)
- + **adeituneiru** (*s. m.*) V. [azeituneiru](#)
- + **afumaeiru** (*s. m.*) Lugar no que se afuman os alimentos para curalos.
- + **aguañeiru** (*s. m.*) V. [aguañaor](#)
- + **amacoreiru** (*s. m.*) (*Prunus persica*) Árbore fruteira de tamaño mediano e que dá uns frutos moi aprezados, os pexegos.
- + **ambroeseiru** (*s. m.*) (*Rubus idaeus*) Arbustu pequeno e espiñento que dá framboesa.
- + **cabaleiru** (*s. m.*) 1. Tratamento de respeto pa os homis. 2. Homi que vai a cabalu.
- + **cabaleñeiru** (*s. m.*) Persoa que fai u vendi albardas.
- + **cabreiru** (*s. m.*) Pastol que se encarga de coidal as cabras.
- + **caldeiru** (*s. m.*) Recipienti pa transportal líquidos ou froitos.
- + **calitreiru** (*s. m.*) (AE) (*Eucalyptus sp*) Árbori de gran tamaño con follas alongadas i un cheiru particular, ten propiedades m...
- + **camiñeiru** (*s. m.*) Persoa que ten por oficiu amañal os camiñus.
- + **candieiru** (*s. m.*) Sonorti na letral as candeas.

5. Unha normativa necesaria para normalizar a lingua

Ao final todo vai derivando no gran problema que presenta a normalización e normativización destas falas no seu lugar: un modelo normativo consensuado, de todos e de ninguén, doadamente aprendible e socialmente aceptable pola maioría da poboación. Nós levamos anos pedindo unha solución “á mirandesa” ou mesmo unha solución “á sarda”, ou “á romanche”, ou á de tantas linguas románicas que conseguiron reemerxer e visibilizarse cunha norma común para a escrita consensuada entre especialistas e falantes. Na actualidade son catro os modelos lingüísticos que coexisten nas variedades do val do Ellas.

5.1. Modelo “Terceira vía”

Iniciado en 1993 pola asociación Fala i Cultura, continuado durante decenios por Domingos Frades nos seus artigos e libros e representado na actualidade -con variantes particulares en cada caso- polas filólogas nativas Alicia Manso e Tamara Flores. Trátase basicamente da adaptación elástica da ortografía do galego á fonoloxía e morfoloxía das falas do Ellas elaborada no seu día pola Asociación Alén do Val (1993). Parten de que estas variedades son a terceira póla do galaico-portugués pero a partir do galego. Con esta orientación saíron publicadas a tradución do *Novu Testamentu* (Frades 2015) e dos *Contus unívर्सais* (Flores 2015) e saen os artigos e textos científicos das filólogas valegas Tamara Flores e Alicia Manso cando publican en valego (2016, 2017, 2018). Pretenden achar un modelo escrito unificado e asemade flexible e aceptable polos falantes para a normalización do valego e para a aprendizaxe dunha maneira de escribilo.

5.2. Modelo reintegracionista ou lusitanista

Elaborado no ano 2016 polo Grupo Xálima (Corredera Plaza, Martín Galindo e Sanches Maragoto). Trátase dunha adaptación da ortografía portuguesa a un modelo normativo unificado para as tres falas do Ellas que eles denominan conxuntamente como *xalimego*. Pártese de que os dialectos do Ellas son variedades especiais da lingua galego-portuguesa, cuxo patrón internacional é o portugués. O Grupo

Xálima é moi activo en blogs e redes sociais e algúns dos seus membros son especialmente vizosos en publicacións sobre investigacións etnolingüísticas e patrimoniais .

5.3. Modelo polinómico ou trinitario

Impulsado polas asociacións A Nosa Fala e U Lagartu Verdi, é un modelo normativo que parte da maneira particular de escribir o lagarteiro do poeta e mestre Severino López e empregado pola revista lagarteira *Anduriña* desde hai 30 anos, pero hoxe trielaborado polo lingüista checo Miroslav Vareš. Este modelo baséase na idea de que, independentemente de orixes e filiacións, hoxe “A Fala” é unha lingua de seu e cada unha das tres variedades pódese e débese escribir independente das outras para preservar a súa particular identidade. Por iso se elaboraron, baixo a orientación de Vareš, tres modelos ortográficos e morfolóxicos autónomos adaptados a valverdeiro, lagarteiro e mañego, respectivamente (Vareš 2017b, 2017c e 2017d) cunha mínima base común. Pero aínda van máis alá os redactores desta norma trinitaria e preconizan a liberdade normativa de cada falante para que, dentro dunhas orientacións mínimas, represente o que fala como lle pareza máis conveniente. Este modelo é o seguido pola dinámica asociación U Lagartu Verdi nas súas actividades e publicacións (grupo de teatro U Lagartu Cómico, revista *Anduriña* etc.), pola asociación A Nosa Fala e polos concellos de Valverdi du Fresnu e As Ellas na súa cartellaría, sinalética e folletos de festas.¹⁰

5.4. Modelo foneticista

É o deseñado recentemente polo lagarteiro afeccionado á lingüística histórica Bernardo Rivas Moreno (2018). Rivas só se ocupa e preocupa do lagarteiro por considerala a variedade máis pura e menos interferida polo castelán, e para o lagarteiro prescribe un modelo no que elimina as graffías QU, C+a,o,u (só se escribe con K: *keixu, kanchal, koiru, kustal*), V (só B: *bentu, bibil*), C+e,i (só Z: *zentu*

¹⁰Un resumo preciso e concreto destas tres propostas normativistas (Terceira vía, Lusista e Trinitaria) fíxoos Tamara Flores en (2017b), http://consellodaculturagalega.gal/mediateca/extras/CCG_ac_2017_artigo71_tamaraflores.pdf .

zinku) e introduce o Y para a semivogal nos ditongos decrecentes (*leyti, carneyru, oyru*). Por exemplo, unha frase como *queru que veñan comigu os cinco primeirus o venris á Ciai* debería escribirse como: *keru ke beñan kumigu us zinku primeyrus u benris á Ziay*. Este modelo está desbotado en galego e portugués e, para o galego, só foi proposto hai máis de cen anos por Aurelio Ribalta no seu *Libro da Konsagrazión* (1910). Esta cuarta tendencia ortográfica de momento non ten seguidores.

Ao cabo, para que queremos unha normativa se non queremos a lingua na escola, ou en publicacións, ou na documentación dos concellos, ou en cursos? Se só queremos que a *fala* (ou valego ou xalimego) sexa un elemento oral informal, coloquial, extraescolar, fóra dos concellos, dos libros, das revistas etc., entón non fai falta ningunha norma escrita, pero por inacción ou desleixo estaremos a facilitar poderosamente a penetración brutal e indolora de castelanismos. Pola contra, unha norma común ás tres falas, respectuosa coas singularidades de cada unha delas, sería a base da reconstrución e rehabilitación da lingua en usos cultos e oficiais (escola, universidade, administración, publicacións, asociacións, empresa, comercio etc.).

Por iso decemos que é necesaria a fundación e impulso popular e oficial dun instituto de investigacións sobre a lingua e a cultura dos Tres Lugaris con seccións de Historia, Música, Lingüística, Literatura, Ecoloxía, Economía, Turismo etc., un instituto en cuxo padroado deberían estar concellos, deputación, Consejerías de Educación e Presidencia, asociacións locais, expertos de recoñecido prestixio en cada un dos campos devanditos e persoas elixidas pola asemblea de socios. Soñemos e que poderíamos denominar por exemplo IEITREL (Instituto de Estudiu e Investigación Tres Lugaris).

Pero faise necesario un recoñecemento oficial en condicións: unha Lei de Linguas de Extremadura semellante á Lei de Linguas de Aragón de 2009 do presidente socialista aragonés Marcelino Iglesias, substituída por aquela desafortunada lei de 2011, cando era presidenta Luisa Fernanda Rudi, hoxe felizmente derogada, que denominaba o catalán co neoglotónimo de LAPAO (Lingua Aragonesa Propia de Aragón Oriental) para evitar chamarlle catalán. Cunha lei como a

aragonesa de 2009 nin faría falla nin modificar o Estatuto de Autonomía de Extremadura porque simplemente se cumpriría co artigo 7 da Carta Europea para as Linguas Rexionais e Minoritarias de 1992, asinado e ratificado por España en 2002, tratado internacional que forma parte do bloque constitucional das leis españolas e que, secasí, é de obrigado cumprimento para e por todas as autoridades e institucións.

